

Reurbanización da Rúa Olvido e Contorna

Planta Xeral 1/150



Localización



Emprazamento



Rúa Olvido



Obxectivos

- Recuperar o carácter peonil da rúa do Olvido, permitindo un tráfico restrinxido para acceso o aparcadoiro dos residentes da U-14. Neste sentido, a rúa do Esquecemento terá limitado o acceso e a saída de vehículos na parte superior dos Pexigos para evitar un fluxo de circulación continuo que nos impediría a conexión peonil desde a praza do Olvido e o parque de Belvis; en todo caso permitirase un acceso restrinxido para residentes e emerxencias. Dificultarase, ademais, o estacionamento de vehículos que agora se produce na área do crebo da alíñación do muro.
- Lectura de continuidade deste viario tradicional, na súa conexión cos Pexigos.
- Tratamento e posta en valor do muro de pedra existente característico da rúa, readaptando a liña de remate en función das cotas da praza, debendo ser mantido en toda a súa lonxitude polo forte desnivel que hai entre a praza e a rúa.
- Manter a caracterización que nesta rúa produce a disposición do pavimento, coa recuperación do enlousado orixinal.
- Renovación e mellora de todas as instalacións existentes, co seu soterramento e novas dotacións.

Viarío de Nova Apertura



Obxectivos

- Realizar un novo trazado do viario, pretendendo un tráfico lento e mantendo certa dotación de aparcadoiro, que dará saída ao tráfico dos Pexigos a Castrón D'Ouro.
- Un novo trazado que posibilite o solucionar os problemas dos percursos peonil en contacto coas edificacións. Acceso ao garaxe, a locais,...
- Mellorar a ligazón co resto de viarios, na zona norte da intervención, na súa unión cos Pexigos e con Olvido.
- Posta en valor deste espazo, creando unha zona estancial que dialogue coa plataforma superior existente, e que facilite o acceso peonil a Belvis.
- Mellora da calidade ambiental, coa inclusión de vexetación e arboleado de gran porte que caracterice o lugar con algún elemento icónico.
- Renovación de todos os servizos existentes, co seu soterramento e novas dotacións.
- Soterramento de grupo de colectores.


Praza Central



Obxectivos

- A praza do Olvido busca a transición cara ao parque de Belvis desde Castrón D'Ouro-Sar de Afora, Curros Enríquez e o Cancelón do Sar.
- Preténdese manter a cor e o carácter esencialmente verde da zona, respectando no posible a lomba existente.
- Prever unha pequena dotación de aparcadoiro subterráneo, como unha primeira fase de construción do aparcadoiro público previsto no Plan Especial, aproveitando o acceso xa construído.
- Resolver adecuadamente o encontro cos edificios e a contorna urbanizada dos edificios da U-14.
- Dotación dunha área de xogos infantís.
- Creación dun percorrido peonil paralelo ao muro existente, a posta en valor do mesmo e resolver adecuadamente o seu remate e/ou continuidade.

Sección Lonxitudinal polo Parque Central 1/300



Sección Lonxitudinal pola Rúa Olvido 1/300

